

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026960	CEIP Plurilingüe de Ponzos	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A programación didáctica de matemáticas de 1º de EP do CEIP de Ponzos do curso 2023/2024 está redactada conforme ao establecido no artigo 15.2. do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 41 da RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

As matemáticas desempeñan un papel indispensable na nosa sociedade e están presentes en calquera actividade humana. Promoven o razoamento, a comunicación, a toma de decisións e a creatividade, e constitúen un conxunto de ideas e formas de actuar que permiten coñecer a realidade, analízala e obter información e conclusións que inicialmente non estaban explícitas.

O seu carácter instrumental vincúlaoa coa maioría das áreas de coñecemento: as ciencias da natureza, a enxeñería, a tecnoloxía, as ciencias sociais e mesmo a arte ou a música; e no momento actual cobran especial interese pola súa estreita relación co manexo de datos e o pensamento computacional. Ademais, as matemáticas xogan un papel esencial ante os actuais desafíos sociais e ambientais aos que o alumnado terá que enfrontarse no seu futuro, pois son o instrumento idóneo para analizar e comprender mellor a contorna próxima e global, os problemas sociais, económicos, científicos e ambientais, e para avaliar posibles vías de solución viables. Así, as matemáticas eríxense como un saber instrumental indispensable no marco do desenvolvemento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas.

A área organízase en cinco procesos matemáticos: destrezas socioemocionais, resolución de problemas, razoamento e proba, conexións, e comunicación e representación. A resolución de problemas e as destrezas socioemocionais constitúen os eixes fundamentais da aprendizaxe das matemáticas. Polo tanto, ha de ser prioritario o seu ensino fronte a outros aspectos en canto ao tempo e a atención que requirirá a súa abordaxe na aula.

A resolución de problemas é unha actividade presente na vida diaria e a través da cal se poñen en acción outros procesos da competencia matemática como o razoamento e o pensamento computacional, a representación de obxectos e a comunicación empregando a linguaxe matemática.

Constitúe na área un contexto de aprendizaxe presentándolle retos ao alumnado que resolverá manipulando, simulando, hipotetizando, contrastando, compartindo, imaxinando, observando ou creando. Ao mesmo tempo, a comprensión do problema, a identificación dos datos e a capacidade de expresar a solución e a forma de chegar a ela, son destrezas vinculadas coa competencia en comunicación lingüística.

As destrezas socioemocionais contribúen de forma fundamental á finalidade da educación primaria ao traballar todos os aspectos relacionados coa convivencia e o benestar emocional do alumnado, ao mesmo tempo que axudan a mellorar o rendemento e a potenciar a igualdade.

Abordando un enfoque competencial, os criterios de avaliación e os contidos, graduados a través dos sucesivos niveis, vertébranse ao redor dos cinco procesos descritos anteriormente. Hai unha progresión que parte de contornas moi próximas e manipulativas en relación coa etapa de educación infantil e que facilita a transición cara a aprendizaxes máis formais favorecendo o desenvolvemento da capacidade de pensamento abstracto na educación secundaria.

Os obxectivos de área avalíaranse a través da posta en acción de diversos contidos. Estes, entendidos como un medio, non como un fin, teñen conexións cos criterios de avaliación.

Os contidos estrutúranse en seis sentidos arredor do concepto de «sentido matemático» e integran un conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes deseñados de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado. Os procesos de resolución de problemas e as destrezas socioemocionais abordaranse e avalíaranse de forma transversal en todos os sentidos matemáticos.

O sentido numérico caracterízase polo desenvolvemento de habilidades e modos de pensar baseados na comprensión, a representación e o uso flexible de números e operacións para, por exemplo, orientar a toma de decisións.

O sentido da medida caracterízase por comprender e comparar atributos dos obxectos do mundo natural, entender e elixir as unidades adecuadas para estimar, medir e comparar; usar instrumentos adecuados para realizar medicións e comprender as relacións entre magnitudes utilizando a experimentación.

O sentido espacial é fundamental para comprender e apreciar os aspectos xeométricos do mundo, identificar, representar e clasificar figuras, descubrir as súas propiedades e relacións, describir os seus movementos e razoar con elas.

O sentido alxébrico e pensamento computacional proporciona a linguaxe na que se comunican as matemáticas, así como a necesaria e progresiva tradución da linguaxe oral ou escrita á linguaxe matemática. Recoñecer patróns e relacións entre variables, expresar regularidades ou modelizar situacións con expresións simbólicas son as súas

características fundamentais. O pensamento computacional permite secuenciar en pasos sinxelos unha situación complexa.

O sentido estocástico oriéntase cara ao razoamento e a interpretación de datos, a valoración crítica e a toma de decisións a partir de información estatística, ademais da comprensión e comunicación de fenómenos aleatorios en situacións da vida cotiá.

O sentido socioemocional integra coñecementos, destrezas e actitudes esenciais para entender as emocións e os valores de respecto, igualdade e resolución pacífica de conflitos, así como o da perseveranza ou a asunción do erro como parte da aprendizaxe. Manexar correctamente estas habilidades mellora o rendemento do alumnado en matemáticas, fomenta actitudes positivas cara a elas, contribúe a erradicar ideas preconcebidas relacionadas co xénero ou o mito do talento innato indispensable e promove unha aprendizaxe activa e viva. Para reforzar este fin, resultará esencial darlle a coñecer ao alumnado as contribucións das matemáticas e os matemáticos ao longo da historia de forma que teñan uns referentes que contribúan a construír unha identidade propia. Neste sentido a convivencia e o traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos serán claves para adquirir un conxunto de habilidades e destrezas que fomenten os valores de respecto e resolución pacífica de conflitos, principios básicos para formar unha cidadanía tolerante e respectuosa coas diferenzas que convive en igualdade.

As medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten rexeranse polos principios do deseño universal para a aprendizaxe. Cada alumno e alumna ten unha forma particular e única de aprender. É fundamental, por tanto, aproveitar a reserva de talento que posúe cada estudante xerando experiencias de aprendizaxe que recollan todas as singularidades e as integren como un valor engadido na dinámica da aula.

O desenvolvemento da competencia matemática está intimamente ligado nestas idades ao nivel evolutivo dos nenos e nenas, que pode ser diferente en función das experiencias previas e estímulos que teña o alumnado, da súa madurez cognitiva ou a súa capacidade, do grao de desenvolvemento das habilidades matemáticas adquirido durante a etapa de Infantil, da súa curiosidade. Por tanto, para favorecer unha aprendizaxe eficaz, resulta necesario personalizalo tanto como sexa posible, centrándonos nas fortalezas, necesidades, habilidades e intereses de cada un dos nosos alumnos e alumnas.

Esta programación didáctica está deseñada co fin de que todos os alumnos alcancen o desenvolvemento máximo das súas potencialidades fomentando o seu interese polas matemáticas. Para iso, iniciaráse aos alumnos/as na alfabetización matemática e na resolución de problemas sinxelos próximos ao seu contexto cotián aplicando o razoamento matemático, seleccionando as ferramentas adecuadas para a súa resolución, interpretando as solucións no seu contexto e tomando decisións estratéxicas.

Esta aprendizaxe plantéxase de forma experiencial, concedendo especial relevancia á manipulación e propoñendo ao alumnado situacións de aprendizaxe que propicien a reflexión, o razoamento, o establecemento de conexións, a comunicación e a representación. Isto conséguese combinando diferentes metodoloxías didácticas que favorecen a motivación por aprender e xeneran no alumnado a curiosidade por adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes que faciliten o desenvolvemento das súas competencias.

A programación de 1º de Ed. Primaria realízase no contexto educativo do CEIP de Ponzos, respecta os acordos recollidos no Proxecto Educativo do centro e as directrices da CCP para a súa elaboración. O grupo está composto por 25 alumnos, 20 nenos e 5 nenas e é o único grupo deste nivel, pois o centro é de liña 1. O alumnado deste grupo comeza unha nova etapa educativa con moita ilusión. En xeral trátase dun grupo bastante homoxéneo, aínda que hai alumnos que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento e apréciase desfase nos coñecementos previos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE DE BENVIDA. BENVIDOS A PRIMEIRO	<p>Esta unidade de benvenida enfócase nos coñecementos e experiencias previas propias do alumnado a partir das cales se empezarán a desenvolver os procesos, métodos e actitudes en matemáticas. Partindo dos coñecementos previos do alumnado, o plan de traballo nesta unidade é:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Identificación e uso de numerais en contextos cercanos. 2. Descricións no espazo: encima, debaixo, fora, dentro, diante, detrás. 3. Expresión de cantidades: moitos, poucos, ningún. 4. Conteo. 	10	15	X		
2	DIVERTÍMONOS COS NÚMEROS	<p>Esta unidade parte da reflexión sobre distintos xogos e a presenza que os códigos matemáticos teñen neles. Traballarase a relación entre elementos matemáticos (numéricos e xeométricos) que permiten coñecer e poñer en práctica os procesos propios dos devanditos xogos. Esta situación de aprendizaxe pon de manifesto que as matemáticas ofrecen un gran número de recursos para comprender e interpretar situacións da vida cotiá. O plan de traballo nesta unidade abordará os seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Números hasta o 9. 2. O número 10. Composición. 3. Comparación de cantidades e ordenación de números. 4. Recoñecemento de figuras xeométricas e comparación de tamaños. 5. Descrición de situacións problemáticas na contorna. 6. Rexistro de datos en táboas. 7. Cálculo mental: números que suman 10. 8. A presenza dos números no entorno. 9. Sensibilidade cara o valor das matemáticas na vida diaria. 	10	20	X		
3	IMOS MEDIR	<p>Nesta unidade analízanse contextos próximos cotiáns nos que se fai necesario utilizar expresións e instrumentos de medida. Para esta reflexión, trabállanse unidades de medida convencionais e non convencionais e aplícanse as técnicas de medida en diferentes situacións. Como peche, leva a cabo unha actividade na que os estudantes deben preparar unha</p>	10	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	IMOS MEDIR	manualidade utilizando a regra. O Plan de traballo desta unidade é: 1. Sumas e restas con números ata o 10. 2. Sumas e restas na recta numérica. 3. Unidades de medida convencionais e non convencionais para medir lonxitudes. 4. Secuencias temporais: antes e despois. 5. Uso da regra. 6. Cálculo mental: composición do número 10. 7. Establecemento de relacións entre situacións da contorna e as matemáticas. 8. Interese por utilizar correctamente os instrumentos de medida. 9. Gozar cos xogos matemáticos.	10	15	X		
4	PASEAMOS POLA RÚA	Esta unidade parte dun dos usos máis característicos dos números na contorna: a identificación dos edificios nas rúas. A partir diso, abórdanse a comparación e a ordenación dos números, para establecer relacións como número anterior e número posterior ou para completar series numéricas. O Plan de traballo desta unidade é: 1. As decenas e as unidades. 2. Os números ordinais ata o 19. 3. Ordenación e comparación de números: anterior e posterior. 4. Os tipos de liñas xeométricas. 5. O signo igual (=). 6. Comprensión de preguntas en problemas. 7. Interpretación de pictogramas. 8. Cálculos na recta numérica. 9. Interese e goce cara aos retos matemáticos. 10. A organización dos números de edificios nas rúas.	10	20	X		
5	XOGAMOS XUNTOS?	Esta unidade parte de como se usan os números nalgúns xogos, nos que, ademais, é necesario realizar operacións. O alumnado reflexionará sobre a importancia dos números na súa cotiandade, o que lle permitirá contextualizar as matemáticas en situacións do seu propio interese. O Plan de traballo desta unidade é: 1. Os termos na suma. Os sumandos e o total. 2. Os termos da resta. Minuendo, sustraendo e diferenza. 3. Sumas e restas con números ata o 19. Interpretación en rectas numéricas. 4. Sumas de tres números. 5. Composición e descomposición de números.	10	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	XOGAMOS XUNTOS?	6. Os días da semana no calendario. 7. O plan semanal. 8. Relacións espaciais: esquerda e dereita. 9. Representación gráfica dos datos dun problema. 10. Comprensión de relacións temporais: antes e despois. 11. Os números nos xogos de cartas. 12. Resolución de retos matemáticos adecuados ao nivel. 13. Actitudes de cooperación e respecto nas actividades por parellas ou en grupo.	10	15		X	
6	QUE DÍA É HOXE?	Nesta unidade ou punto de partida será a medición do tempo en contextos cotiáns e a utilidade do calendario na súa vida diaria. O Plan de traballo desta unidade é: 1. Identificación e representación de decenas. 2. Identificación, interpretación, expresión e escritura de números do 20 ao 39. Relación entre decenas e unidades. 3. Cálculo de decenas e unidades con regletas, e en series e rectas numéricas. 4. Suma e resta de decenas. 5. Suma de números de dúas cifras. 6. O uso e as aplicacións do calendario. Os meses e os días do ano. 7. Elección de operacións para unha situación dada. 8. Explicación dos pasos dun proceso. 9. Ordenación, comparación e descomposición de números. 10. Valoración axustada do propio proceso de aprendizaxe. 11. Actitudes para o traballo en equipo e a cooperación.	10	20		X	
7	FACEMOS DEPORTE	Nesta unidade abórdanse os conceptos matemáticos que están presentes na práctica dos deportes, os números e as operacións matemáticas que aparecen en diferentes eventos deportivos, e, ao final, analízanse estes aspectos nunha situación concreta: un partido de baloncesto. O plan de traballo é: 1. Medida de capacidades: o litro. 2. Os números ata o 59. 3. Restas de números de dúas cifras. 4. Comparación de números. 5. Sumas de tres números. 6. Os números ordinais. 7. Razoamentos para identificar os datos que hai que calcular nunha situación problemática. 8. Interpretación de táboas.	10	20		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	FACEMOS DEPORTE	<p>9. Cálculo mental: sumas engadindo decenas completas e sumas e restas a partir de decenas completas.</p> <p>10. Interese por atopar solución a desafíos lóxicos.</p>	10	20		X	
8	A COCIÑAR!	<p>Esta unidade parte da reflexión previa e colectiva sobre a presenza das matemáticas en xeral e a xeometría en particular na nosa contorna. Pónse de relevo a utilidade das nocións matemáticas en accións habituais como calcular os ingredientes para elaborar unha receita de cociña ou colocar correctamente os elementos ao poñer a mesa.</p> <p>O plan de traballo é:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Comparación de pesos: pesa máis, menos ou igual. 2. Os números ata o 99. Decenas e unidades. 3. Orde e comparación de números. Maior e menor. 4. A táboa numérica. Interpretación e aplicacións. 5. Números pares e impares. 6. Relacións espaciais: esquerda e dereita. 7. Os polígonos. As liñas poligonales. Os lados. Os vértices. 8. Localización de datos en imaxes. Datos, operación, solución. 9. Procura de solucións en contextos próximos. 10. Ferramentas e estratexias de aprendizaxe emocional. 11. Interese pola vertente lúdica das matemáticas. 12. Actitudes para o traballo en equipo, a corresponsabilidade e a cooperación. 	10	15			X
9	O NOSO COLEXIO	<p>Esta unidade parte do cálculo de elementos e personaxes para extraer conclusións. A partir aquí, conéctanse os contidos e as actividades que permitirán levar a cabo os cálculos necesarios para formar equipos de traballo dentro do propio ámbito escolar.</p> <p>O Plan de traballo desta unidade é:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Suma de números naturais levando. 2. Suma de dous e tres números levando. 3. Comparacións e relacións entre a suma e réstaa. 4. Reparticións en partes iguais. 5. Estratexias para a selección e o descarte de datos, así como a identificación de datos erróneos na interpretación e resolución de problemas. 6. Estratexias progresivas para o cálculo 	10	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	O NOSO COLEXIO	mental de sumas e restas con números de dúas cifras. 7. Comprensión de situacións da vida cotiá e aplicación de coñecementos sobre numeración, cálculo e resolución de problemas. 8. Actitudes de esforzo, interese e cooperación. 9. Interese polo cálculo e os pasatempos matemáticos.	10	20			X
10	ÍMONOS DE VIAXE	Esta unidade, de fronte ao verán, parte do tema das viaxes e véterase sobre dous elementos fundamentais materializados na situación de aprendizaxe: os reloxos e a medida do tempo, por unha banda, e o cálculo de prezos en euros, por outro. O Plan de traballo desta unidade é: 1. Medidas temporais. Horas e minutos. 2. A interpretación de reloxos analóxicos e dixitais. 3. Os intervalos de tempo. Cálculos sobre duración. 4. Sistema monetario europeo. Moedas e billetes. Os céntimos e os euros. 5. A conxectura en problemas a partir de datos relacionados coa vida cotiá. 6. Interpretación progresiva de gráficos sinxelos. 7. Cálculo mental: composición do 10, relación entre a suma e resta. 8. Cálculo de prezos en situacións cotiás ou contextos próximos. 9. Estratexias para o metaprendizaxe e a autoavaliación. 10. Actitudes de colaboración, escoita activa, respecto e empatía.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE DE BENVIDA. BENVIDOS A PRIMEIRO	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter solucións aos problemas plantexados usando estratexias básicas, con algo de axuda.	PE	25
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Investigar patróns, propiedades e relacións de forma guiada para realizar conxecturas matemáticas sinxelas.	TI	75
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Xustificar oralmente a validez da solución dun problema.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Aplicar coñecementos propios para conectar os diferente elementos matemáticos.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as emocións básicas propias á hora de resolver problemas, tentando facelos por sé mesmo e pedindo axuda só cando o necesita.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiás de números naturais ata o 99. - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiás que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Localización e sistemas de representación - Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso. - Patróns - Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás. - Crenzas, actitudes e emocións - Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
2	DIVERTÍMONOS COS NÚMEROS	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Investigar patróns, propiedades e relacións de forma guiada para realizar conxecturas matemáticas sinxelas.	PE	25
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Aplicar coñecementos propios para conectar os diferentes elementos matemáticos.	TI	75
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer a presenza das matemáticas na vida cotiá e nas outras áreas.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar procesos matemáticos sinxelos utilizados para resolver problemas e os resultados obtidos, verbal ou gráficamente.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Afrontar de forma positiva os novos retos matemáticos e aprender dos erros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices). - Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir. - Pensamento computacional - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas. - Organización e análise de datos - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	IMOS MEDIR	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter solucións aos problemas plantexados usando estratexias básicas, con algo de axuda.	PE	25
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Utilizar estratexias adecuadas para resolver problemas.	TI	75
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquirir vocabulario matemático básico presente en situacións da vida cotiá.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar procesos matemáticos sinxelos utilizados para resolver problemas e os resultados obtidos, verbal ou gráficamente.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer a presenza das matemáticas na vida cotiá e nas outras áreas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Medición <ul style="list-style-type: none"> - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades. - Crenzas, actitudes e emocións - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.

UD	Título da UD	Duración
4	PASEAMOS POLA RÚA	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar procesos matemáticos sinxelos utilizados para resolver problemas e os resultados obtidos, verbal ou gráficamente.	PE	25
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Investigar patróns, propiedades e relacións de forma guiada para realizar conxecturas matemáticas sinxelas.	TI	75
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquirir vocabulario matemático básico presente en situacións da vida cotiá.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar representacións sinxelas como axuda na resolución de problemas.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Inventar e resolver paso a paso actividades matemáticas relacionadas coa vida cotiá.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Afrontar de forma positiva os novos retos matemáticos e aprender dos erros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas. - Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras... - Localización e sistemas de representación - Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas. - Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo. - Relacións e funcións

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?. - Crenzas, actitudes e emocións - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
5	XOGAMOS XUNTOS?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Utilizar estratexias adecuadas para resolver problemas.	PE	25
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar procesos matemáticos sinxelos utilizados para resolver problemas e os resultados obtidos, verbal ou gráficamente.	TI	75
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participar de forma responsable no traballo en equipo, asumindo o rol asignado.		
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Inventar e resolver paso a paso actividades matemáticas relacionadas coa vida cotiá.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquirir vocabulario matemático básico presente en situacións da vida cotiá.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Colaborar co grupo para traballar en equipo desde a igualdade e o respecto, participando na resolución de conflitos de forma pacífica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99. - Sentido das operacións.

Contidos

- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
- Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.
- Relacións
- Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada.
- Magnitude
- Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais.
- Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo.
- Estimación e relacións
- Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
- Localización e sistemas de representación
- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.
- Incerteza
- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	QUE DÍA É HOXE?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter solucións aos problemas plantexados usando estratexias básicas, con algo de axuda.	PE	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer a presenza das matemáticas na vida cotiá e nas outras áreas.	TI	75
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Aplicar coñecementos propios para conectar os diferente elementos matemáticos.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar procesos matemáticos sinxelos utilizados para resolver problemas e os resultados obtidos, verbal ou gráficamente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99. - Sentido das operacións. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Magnitude - Construción do calendario para a compresión das conexións entre diferentes unidades de tempo. - Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma). - Crenzas, actitudes e emocións - Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
7	FACEMOS DEPORTE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e comprender o enunciado dos problemas.	PE	25
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Colaborar co grupo para traballar en equipo desde a igualdade e o respecto, participando na resolución de conflitos de forma pacífica.	TI	75
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participar de forma responsable no traballo en equipo, asumindo o rol asignado.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquirir vocabulario matemático básico presente en situacións da vida cotiá.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Afrontar de forma positiva os novos retos matemáticos e aprender dos erros.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Aplicar coñecementos propios para conectar os diferente elementos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada. - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial. - Medición - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá. - Estimación e relacións - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
8	A COCIÑAR!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar procesos matemáticos sinxelos utilizados para resolver problemas e os resultados obtidos, verbal ou graficamente.	PE	25
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e comprender o enunciado dos problemas.	TI	75
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Aplicar coñecementos propios para conectar os diferente elementos matemáticos.		
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer a presenza das matemáticas na vida cotiá e nas outras áreas.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Investiga patróns, propiedades e relacións de forma guiada para realizar conxecturas matemáticas sinxelas.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participar de forma responsable no traballo en equipo, asumindo o rol asignado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Relacións

Contidos

- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Magnitude
- Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo.
- Estimación e relacións
- Resolución de problemas cotiás que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
- Localización e sistemas de representación
- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Padróns
- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiás, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.

UD	Título da UD	Duración
9	O NOSO COLEXIO	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Utiliza estratexias adecuadas para resolver problemas.	PE	25
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e comprender o enunciado dos problemas.	TI	75
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer a presenza das matemáticas na vida cotiá e nas outras áreas.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Colaborar co grupo para traballar en equipo desde a igualdade e o respecto, participando na resolución de conflitos de forma pacífica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar procesos matemáticos sinxelos utilizados para resolver problemas e os resultados obtidos, verbal ou gráficamente.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Aplicar coñecementos propios para conectar os diferente elementos matemáticos.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as emocións básicas propias á hora de resolver problemas, tentando facelos por sé mesmo e pedindo axuda só cando o necesita.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Localización e sistemas de representación - Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados. - Relacións e funcións - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto. - Organización e análise de datos - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos. - Crenzas, actitudes e emocións - Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.

UD	Título da UD	Duración
10	ÍMONOS DE VIAXE	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter solucións aos problemas plantexados usando estratexias básicas, con algo de axuda.	PE	25
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar representacións sinxelas como axuda na resolución de problemas.	TI	75
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Formular problemas matemáticos relacionados con la vida cotidiana.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar procesos matemáticos sinxelos utilizados para resolver problemas e os resultados obtidos, verbal ou gráficamente.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as emocións básicas propias á hora de resolver problemas, tentando facelos por sé mesmo e pedindo axuda só cando o necesita.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Investiga patróns, propiedades e relacións de forma guiada para realizar conxecturas matemáticas sinxelas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE. - Magnitude - Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais. - Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma).

Contidos

- Medición
- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades.
- Estimación e relacións
- Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área das matemáticas na educación primaria debe abordarse cun triplo enfoque: as matemáticas son útiles e imprescindibles para o cotián, axúdannos a comprender a realidade e contribúen á formación intelectual das persoas. Porén, a aprendizaxe desta área debe mudar e pasar dun enfoque tradicional centrado nos contidos e no mero desenvolvemento mecánico dunhas habilidades a un enfoque competencial onde estes contidos non son un obxectivo en si mesmos senón un medio que lle sirva ao alumnado para desenvolver a competencia matemática na vida cotiá. Os procesos matemáticos, vinculados cos diferentes obxectivos de área e competencias, son o referente que empregamos para que o alumnado comprenda e use os diferentes contidos organizados en sentidos. Os sentidos matemáticos (socioemocional, numérico, da medida, espacial, alxébrico e pensamento computacional e o estocástico) deben traballarse de maneira interrelacionada entre si e cos procesos matemáticos: destrezas socioemocionais, resolución de problemas, razoamento e proba, conexións (tanto intra como interárea), e comunicación e representación.

Dado que os contidos traballados illadamente están desprovistos de significado, hai que proporcionarlle ao alumnado situacións máis complexas, como complexa é a realidade, situacións que involucren varios ámbitos do saber. Trátase de proporcionar unha variedade rica e diversa de situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúa significativamente os coñecementos que serán as ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas. A coordinación vertical entre o profesorado será fundamental para compartir e acordar criterios, realizar reflexións conxuntas e compartir aspectos metodolóxicos que respondan ás necesidades e intereses de cada nena e neno que temos na aula.

As matemáticas apréndense en contextos funcionais, reais e relacionados co cotián, e en contextos xenuinamente matemáticos. Iso implica traballar de maneira integrada e globalizada. Tamén se aprenden coa actividade do alumnado. Así pois, requírense métodos con enfoque globalizador e activos que respondan á diversidade da aula (traballo por proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, plans de traballo, tarefas complexas).

As matemáticas actuais requiren dunha perspectiva socioemocional e de xénero que axude o alumnado a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza. Deberán sinalarse as aplicacións da materia á vida real e á mellora do mundo,

ofrecer referentes femininos nos diversos sentidos matemáticos, recoñecer as fontes de ansiedade (aritmofobia), bloqueo e estrés aprendendo a manexalas, facilitar que o alumnado manteña unha actitude positiva e que pense crítica e creativamente, valorando o erro como fonte de aprendizaxe. Unha perspectiva que contribúa a xerar a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, actitudes, valores, habilidades e destrezas. O coñecemento do desenvolvemento histórico das matemáticas e das contribucións de mulleres e homes a elas axudarán a achegalas ao alumnado como un saber útil.

A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propiciarán a resolución conxunta de tarefas e problemas, potenciarán a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz. É imprescindible que en todos os sentidos matemáticos se realicen actividades en equipo.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción deberán ser procesos presentes en calquera situación de aprendizaxe. Non se trata de realizar actividades manipulativas próximas a un activismo sen senso, senón a través de accións guiadas por situacións contextualizadas e cheas de sentido nas que estean presentes a exploración e a investigación. Aínda que se fala de importancia da vivencia e da manipulación en matemáticas, cómpre abandonar a idea dunha construción lineal do coñecemento (do simple ao complexo, do concreto ao abstracto). As accións terán a finalidade de responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar vivencias, resolver problemas...

A resolución de problemas, xunto ás destrezas emocionais, constitúen os dous eixes principais da actividade matemática. Porén, deberán abordarse e avaliarse de forma transversal en toda a área. Un problema é toda situación que presenta un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos doutras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. O problema supón comprometerse cunha solución, tomar decisións, indagar, explorar, analizar, seleccionar procedementos adecuados, sentir satisfacción por chegar a resultados. Implica procesos variados de interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados obtidos, e interpretación en contexto, expresión de forma ordenada e explicitación do proceso seguido. Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumprise. A resolución de problemas permítelle ao alumnado planificar o proceso realizando preguntas apropiadas tales como: que quero descubrir?, que sei?, que hipóteses fago?, como podo facer para descubrir o que desexo?, os resultados relaciónanse coas hipóteses?, está ben expresado o resultado?, ten sentido a solución?, podería resolvelo doutro xeito?, podo aplicar o proceso a problemas similares? Na resolución de problemas entran en xogo unha serie de aspectos metacognitivos e emocionais: autorregulación do proceso, expresión, xestión e autocontrol emocional que non podemos esquecer.

O profesorado debe ter un rol mediador, un rol de guía. Seleccionará a situación de aprendizaxe adecuada e en función dela escollerá recursos dixitais e non dixitais variados e diversos que lle permitan ao alumnado explorar e investigar, que fomente a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, o enfrontamento dos retos sen ansiedade e que ofrezca novas oportunidades de aprendizaxe. Será un profesorado promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. Require que as mestras e os mestres deseñen e empreguen situacións de aprendizaxe que esperten o interese do alumnado planificando tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos, mediando na aprendizaxe e na investigación, dando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.

A avaliación deberá formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino, permitirá valorar os procesos matemáticos, será reguladora e autorreguladora da aprendizaxe e atenderá á diversidade variando situacións, instrumentos e procedementos de avaliación cando corresponda. A súa finalidade é mellorar os procesos tanto de ensino como de aprendizaxe. Os resultados da avaliación proporcionarán información que poida ser utilizada para tomar decisións sobre axustar, revisar ou modificar os elementos que inciden no proceso de ensino e aprendizaxe (o tempo dedicado ás diferentes tarefas, os espazos e recursos que se empregan, a adecuación das actividades e estratexias propostas, a atención á diversidade da aula, a concreción curricular, as situacións de aprendizaxe propostas...) e información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes. A valoración dos logros do alumnado achegaralle ao profesorado datos para reflexionar sobre a súa práctica docente e o impacto que tivo na aprendizaxe das nenas e dos nenos, de forma que poida introducir os cambios e axustes que cumpran para que se produza unha intervención axustada ás características do alumnado, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do alumnado . "Construyendo mundos" Ed. Santillana. Sobre de material.
Cadernos trimestrais de actividades. Ed. Santillana.
LibroMedia.
Sobre de material.

Libro do alumnado: Contén as 10 unidades didácticas coas actividades e problemas
 Caderno "Con las manos". Actividades manipulativas complementarias ás propostas no libro de texto.
 Libro media. Libro dixital.
 Sobre de material: Material para realizar actividades manipulativas, individuais ou grupais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas lectivas do curso.

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe.

- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.

- Probas de avaliación inicial.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	25	25	25	25	25	25	25	25	25	25
Táboa de indicadores	75	75	75	75	75	75	75	75	75	75

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	25
Táboa de indicadores	75

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Como todas as unidades didácticas teñen o mesmo peso na nota final, a cualificación de cada avaliación será a nota media das cualificacións obtidas nas unidades didácticas que se imparten na avaliación expresada en termos de IN, SUF, B, N, SB, á que se acompañará, a nivel informativo, a nota numérica.

A nota final do curso será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación.

Para o cálculo da nota das UD de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA UD PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3 + NOTA UD4) / 4

NOTA UD SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6 + NOTA UD7) / 3

NOTA UD TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD8 + NOTA UD9 + NOTA UD10) / 3

A nota final de cada trimestre será calculada mediante a seguinte ponderación:

- 50% traballo na aula.

- 30% probas específicas.

- 20% actitude ante o traballo.

O 100% da nota da avaliación final obterase do seguinte xeito:

-1º trimestre: 33,3%.

-2º trimestre: 33,3%.

-3º trimestre: 33,3%.

A cualificación da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Para iso contamos con profesores de apoio que, xunto coa profesora da área, propondrán actividades de reforzo. Non se realizarán probas de recuperación como tal, pois, a medida que vaia avanzando o curso, observarase se o alumnado que non teña superadas as avaliacións pasadas, ten adquiridos os obxectivos e competencias previstas en cada unidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na aula hai varios alumnos que reciben apoio de PT e outros alumnos que reciben apoio de AL para corrixir defectos de pronunciación.

Tamén hai un alumno de etnia xitana que leva retraso académico respecto ao grupo de referencia e un alumno que non coñece as dúas linguas oficiais de Galicia e dous con dificultades de aprendizaxe.

Proporánselles actividades de reforzo e maior atención por parte do profesorado.

Adoptaránse medidas organizativas de situación na aula, fichas de traballo de reforzo, adaptación ao seu ritmo de aprendizaxe e apoios doutro profesorado que ten dispoñibilidade horaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendimento			X					X
ET.2 - Igualdade de xénero							X	X
ET.3 - Educación para a paz				X				
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X	X	X				
ET.5 - Educación para a saúde		X					X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Emprendimento		
ET.2 - Igualdade de xénero		
ET.3 - Educación para a paz	X	
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X
ET.5 - Educación para a saúde		
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X

Observacións:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade e do espírito científico traballaranse na área de matemáticas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
As que figuran no plan anual de actividades complementarias e extraescolares.	Consultar PXA.	X	X	X

Observacións:

Os alumnos de 1º de Ed. Primaria participarán en todas as actividades propostas e nas conmemoracións que figuran na Orde de Calendario Escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
Temporalización.
Procedementos e instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía empregada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Actividades adecuadas.
Rol do docente.
Medidas de atención á diversidade adecuadas e efectivas.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados